

# eu RAZO BALDAIO



“ COÑECER  
PARA VALORAR



[www.carballo.gal/euqueroRB](http://www.carballo.gal/euqueroRB)

Colaboran:





Despois do éxito das edicións pasadas, o Concello de Carballo quere dar continuidade ao proxecto “Eu quero Razo-Baldaio”, que pretende crear hábitos de turismo consciente no litoral de Carballo. Para iso contaremos de novo coas entidades que veñen desempeñando accións

relacionadas coa sustentabilidade da nosa costa. Tanto o Concello como as entidades colaboradoras neste proxecto buscamos a valorización do contorno co obxectivo de que canto máis se coñeza máis se respecte.

Neste ano tamén queremos formar parte da homenaxe a O Xestal, unha persoa comprometida coa protección da nosa marisma de Baldaio, ademais de veciño da nosa parroquia de Lema. Realizaremos unha figura en madeira que esperamos teña presenza polos anos no noso litoral.

Incorporamos ademais unha Ruta andando a Razo desde Carballo que esperamos sirva para que a nosa veciñanza coñeza este novo xeito de chegar ao noso mar.

## PROGRAMA

A maioría das accións programadas requirirán de preinscrición. As persoas participantes deberán achegarse polos seus propios medios ao punto onde se desenvolvan as actividades.

### XULLO

**05** EXPLORANDO AS POZAS DA MAREA

**08** FAUNA E FLORA DAS CONTORNAS DUNARES

**10 A 14** OBRADOIROS DE RESTAURACIÓN DAS ESCULTURAS DO LITORAL

**12** XORNADA DE ELIMINACIÓN DE INVASORAS

**12, 13 E 14** OBRADOIRO DE CREACIÓN DA ESCULTURA DO XESTAL, HABERÁ

INAUGURACIÓN HOMENAXE

**15 E 16** OBRADOIRO DE PEGADAS E OS INDICIOS NOS CAMIÑOS

**22** RUTA CULTURAL POLA COSTA DE CARBALLO

**26** A NOITE DAS AVELAÍÑAS

**29** RUTA ANDANDO A RAZO

### AGOSTO

**05** ROTEIRO NOCTURNO POLA EIRA DAS MEIGAS

**12** AS ORIXES E A XEOLOXÍA DA COSTA DE CARBALLO

**16** INICIACIÓN Á ORNITOLOXÍA

**19** FESTA DA PRAIA E ACTUACIÓN DE CIRCUS MAGNÍFICOS

**23** SIMULACRO DE RESCATE DE CETÁCEOS

**24** NOITE DE ASTRONOMÍA

**26** LIMPEZA COLECTIVA DAS PRAIAS DE RAZO E BALDAIO, PLÁSTICOS E MICROPLÁSTICOS

### OBRADOIRO DE CREACIÓN DA ESCULTURA DO XESTAL, HABERÁ INAUGURACIÓN HOMENAXE

Será o escultor “Yosi” quen realizará unha escultura feita con motoserra nun tronco de piñeiro de 2 metros de alto por 0,80 de diámetro.

### RUTA A RAZO POLA SENDA PEONIL

Cremos que a nova senda peonil a Razo debe ser unha ruta que hai que promover para crear unha unión maior entre a cidade e a praia de Razo, co obxectivo de que se converta nunha ruta habitual.

### OBRADOIRO DE RESTAURACIÓN DAS ESCULTURAS DO LITORAL

Incluirase este ano no proxecto a restauración do arroz de Baldaio, da pillara de Razo e da nebría de Santa Irene, unha actividade que poderá ser seguida polo público en xeral, e que será realizada polo autor das esculturas.